



Parque Natural de Somiedo

2, 3, 4, 5 de abril de 2014

PROGRAMA

Quinta feira/xoves 2

9h. **Partida.** O punto de encontro será Pontearreas; saída 294 da A52.

13,30h. **Hospedaxe nos apartamentos rurais El Mirador del Parque.**

15,30. **Ruta de Castro. "A singularidade mediterránea"**

Ruta linear. 7Km (ida e volta)

Dificultade. Baixa

Altitude. 650m-750m

O impacto paisaxístico desta ruta é parello á diversidade de flora e fauna. Así, o illote mediterráneo de Somiedo amósanos, xunto de caxigos e aciñeiras penduradas dos recortados farallóns calcáreos e silíceos, a aliaga, a laureola, a queiroga ou a carnívora pinguícula.

A mancha boscosa é lugar de venados, e o cumio dos farallóns, territorio dos voitres leonados. Isto, a través dun agradable paseo pola media montaña somedana.

"O momento das montañas"

Na ruta, a actividade pretende a descuberta, a valorización, a lembranza ou a reflexión sobre a importancia da vitalidade dos ecosistemas de montaña na vida do planeta.

18,30h. **Descanso.**

Sexta feira/venres 3

10h **Ruta Valle del Lago. "Os glaciares"**

Ruta circular. 12Km

Dificultade. Baixa a moderada

Altitude. 1250m-1550m

O camiño atravesará unha paisaxe impactante. Así, o fecundo val de orixe glaciar amósanos pasteiros de sega, faiedos, brañas; nas ladeiras das montañas non é difícil albiscarmos rebezos e sobrevoando, córvidos coma as fermosas choias biquivermella e biquiamarela. E chegamos ao lago de maior extensión de Asturias, noutro circo glaciar, abeirado por picos que roldan os 2000m-2200m. É un momento de suma beleza.

16h **Ecomuseo de Somiedo. "As paisaxes culturais. A casa"**

En Veigas...

Visita guiada ás casas de teito de xesta nas que, a través do coñecemento da estrutura, enxergaremos a evolución da vivenda somedana e a herdanza social da unidade familiar.

17,30h **Ecomuseo de Somiedo. "As paisaxes culturais. Os oficios e a trashumancia"**

En Caunéu.

Na antiga escola, distribúense nos dous andares os traballos que fincou á poboación na serra, dos que algúns aínda están presentes no territorio.

Os vaqueiros de alzada e a trashumancia da meseta. O taller ou as máquinas de ferreiros, goxeiros, madreiros, canteiros e carpinteiros teñen un seu espazo no edificio.

18, 30h. **Descanso**

Sábado 4

No Parque Natural de Las Ubiñas-La Mesa...

10h. Ruta do Faiedo de Montegrande-Fervenza do Xiblu. "O Bosque e a auga"

Ruta linear. 8Km (Ida e volta) Dificultade. Baixa. Altitude. 1200m

No Cordal Cantábrico, unha ruta que atravesa a terceira mancha boscosa de Asturias, o Faiedo de Montegrande, un lugar idóneo para entendermos o ecosistema destes fermosos bosques, sombrizos e húmidos, cuxo sotobosque é frecuentado só por especies coma o acivro ou as plantas bulbosas e de rizoma no estrato herbáceo.

O remate da ruta muda a nosa impresión pois aparecen tres fervenzas sucesivas cun desenvolvemento global de 100m de caída. Bela.

16h. Visita guiada a Cueva Huerta, Monumento Natural

Declarada Monumento Natural no 2002, os 14,5km de lonxitude fan de Cueva Huerta unha das maiores covas asturianas.

Situada no Desfiladero de la Estrechura e, sobre solo calcáreo, presenta un grande interese xeomorfolóxico e biolóxico.

A visita guiada transcorre nun percorrido de 300m de subidas e baixadas pola ampla cova; as explicacións da especialista son ilustrativas e esclarecedoras.

Para non perdermos...

18h. Descanso

21,30h Cea-convivio

Domingo 5

10h Ruta A Braña de Mumián. "O legado social"

Ruta linear. 7Km (Ida e volta) Dificultade. Moderada Altitude. 1100m-1400m

Outra ruta fascinante.

Tras un comezo no que transitamos entre pasteiros de sega abeirados por abelairas ou freixos, atravesamos, en ascensión, o fermoso Faiedo da Enraimada, Zona de Uso Rentrinxido.

E, paseniño, chegamos a unha das brañas somedanas máis coñecidas, a Braña de Mumián, con 17 cabanas do teito espaxadas entre os pasteiros, en uso e bo estado de conservación. Neste punto, rodeados de serras e cumios, o impacto paisaxístico é elevado.

14,30h. Descanso e partida.

Sobre o aloxamento

Será nos apartamentos rurais El Mirador del Parque, localizados en Gúa, no centro do Parque Natural de Somiedo.

Os apartamentos dispoñen de salón con cheminea, calefacción, cociña equipada, baño completo.

Dispón de aparcadoiro propio.

Os apartamentos de 3 prazas distribúense nunha habitación con casal (cama de matrimonio) e un sofá cama de 1,20m. no salón

Os apartamentos de 4 prazas distribúense nunha habitación con 2 camas e dous sofás-camas de 1,35m, cada un, no salón. Daquela, estes apartamentos poden incluír a 6 persoas en determinados casos.

Sobre a reserva

Quen decida anotarse á "Visita ao Parque Natural de Somiedo" debe ingresar, despois da inscrición e confirmación desta por Faia, a cantidade de 25€ por persoa que se restarán da cantidade global estipulada no programa.

No ingreso debes indicar o voso nome e o concepto "Viaxe a Somiedo".

O número de conta bancaria é ES72 2080 0524 8130 0002 7868 correspondente á libreta de Marcelo Rodríguez Acosta en Abanca.